
Política de calidade

- Actualizado (01.03.2011)

A FUNDACIÓN CESGA, ten como misión contribuír ao avance da ciencia e a técnica mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, en colaboración con outras institucións, para beneficio da sociedade. No compromiso coa calidade e a mellora continua, aséntanse os propósitos da institución:

- PERSOAL: Proporcionar un ámbito laboral co que se identifique, séntase recoñecido e no que se desenvolva tanto profesional coma persoalmente.

- USUARIOS / CLIENTES: Potenciar o seu desenvolvemento e competitividade a nivel internacional nos ámbitos de I+D+i.

- PATRÓNS: Contribuír activamente ao desenvolvemento das súas políticas de I+D+i.

- PROVEDORES: Establecer alianzas que potencien mutuo desenvolvemento e competitividade.

- SOCIOS / COLABORADORES: Ser para eles unha institución confiable, de calidade e coñecemento, que lles achegue valor e complementariedade.

- OUTRAS ORGANIZACIÓNS: Servir de centro de referencia en computación e comunicacións de altas prestacións con vocación de colaboración.

- SOCIEDADE: Ser un investimento da cal se poida sentir orgullosa e da que obteña un beneficio directo ou indirecto.

xunto cos seus valores:

- COMPROMISO: Contribuír activamente ao logro da misión a través do esforzo, profesionalidade e responsabilidade.

- CREATIVIDADE: Fomentar a proposición de ideas creativas con liberdade.

- ÉTICA: Respeto mutuo e valoración da persoa independentemente da súa condición.

- TRABALLO EN EQUIPO: Traballar de forma cooperativa con outros mediante a participación, o uso de comunicacións abertas, recoñecendo cada un as súas achegas.

- FLEXIBILIDADE: Estar abertos aos cambios e manterse continuamente disposto a explorar novas formas de realizar os traballos.

Ver Certificación ISO